

MINICENTRAIS E OUTROS IMPACTOS NO RÍO VILACOBA

OS VICIÑOS DE LESENDE (LOUSAME) CRIARON A PLATAFORMA PARA A DEFENSA DO RÍO VILACOBA CO OBXECTIVO DE LOITAR POLA RECUPERACIÓN DO RIO, ESTRAGADO XA POLOS LIXIVIADOS DUN VERTEDOIRO INCONTROLADO DE LIXO E OS IMPACTOS DUNHA MINICENTRAL E DUNHA PISCIFACTORIA. OS VICIÑOS APOÑEN-SE Á CONCESIÓN POLA XUNTA DUNHA NOVA MINICENTRAL.

Texto: P. Castro* Fotografía: Pepe Salvadores


Varios eran xa os problemas que afectaban ó río Vilacoba antes da recente proposta dunha nova minicentral. A saber:

a) O río recibe as augas dun regato ó que van parar os lixivados dun vertedoiro incontrolado que o concello de Lousame instalou no ano 94 no lugar de Aldarís.

b) Saltos de Vilacoba S.A. volveu a poñer en funcionamento (1990) a minicentral que os ingleses crearan nos anos 20 para producir enerxía para as minas de wofram-estaño e máis para servir ós veciños de Vilacoba de forma gratuíta. Pero na nova etapa xa non se teñen en conta os veciños, o entorno da minicentral déixase deteriorar, non se montan escadas para os peixes, as reixiñas non son as axeitadas, etc. No ano 93 tivo unha sanción de 5 millóns por deixar o cauce seco, pero non a debeu pagar porque segue a facer o mesmo.

c) A altura de Sotorredondo, e desde finais dos 80 principios dos 90, funciona unha piscifactoría de dimensións notables, que carece de concesión para o aproveitamento, de licenza municipal, de deslinde de dominio público -os muros foron construídos no propio cauce-, etc, etc.

Nesta situación, no mes de Agosto do ano 97 Augas de Galicia pretende a concesión para o aproveitamento de auga con destino a produción de enerxía eléctrica no tramo que aínda quedaba libre. Ó aproveitamento optan 5 peticionarios, entre os que se apuntaba como gañador Aluminios Cortizo, o mesmo ó que lle que queren dar o aproveitamento en Caldas. Pero os veciños de Lesende, reunidos en asemblea o 30 de Agosto, tñano claro: "Os caudais ecolóxicos xa os vemos na piscifactoría e na central de Mirón. Como monten esta, xa sabemos o que vai pasar". E así, coa idea de conservar o



Río Vilacoba. Abaixo, destrución das marxes do río polos muros da piscifactoría.



río, constitúese a PLATAFORMA PARA A DEFENSA DO RÍO VILACOBA, que desde entón leva feitas as seguintes actividades:

1.-Presentación de 164 alegacións por parte dos veciños (a práctica totalidade) de lugares próximos ó río, ademais doutras que incidían en algún aspecto concreto.

2.-Entrega en Augas de Galicia de 96 escritos manifestando xus-

tificadamente a oposición a minicentral

3.-Presencia nos medios de comunicación comarcais (prensa, radio)

4.-Estudio e difusión dos valores naturais do río e das construcións relacionadas con el (muíños, batáns, pontes,...).

5.-Concurso fotográfico co título "Salvemo-lo río Vilacoba".

6.-Exposición co material do concurso, que arrincando de Noia pasou por Lousame e Porto do Son, e rematará en Outes.

7.-Concentracións dos veciños dos lugares próximos ó río: unha en Portobravo, co gallo da visita de persoal de Augas de Galicia e outra na inauguración da Casa do Concello de Noia polo Presidente da Xunta de Galicia.

8.-Exhibición de pancartas nos actos de certo renome na comarca

9.-Realización de tres charlas e unha mesa redonda.

10.-Presentación dunha queixa ó Valedor do Pobo

11.-Presentación de escritos de requerimento á Consellería de Medio Ambiente e á de Política Territorial.

E pensamos continuar: temos previsto, entre outras cousas, coordinarnos cos afectados de Caldas, facer e vender camisetas e realizar novas mobilizacións, cada día máis contundentes. Porque, ademais, soubemos que tamén se prevé a construción dun encoro, que, polo que parece, irá na zona de Vilacoba-Mirón, anegando as mellores terras desas dúas aldeas. Así que, a nosa actividade ten que seguir: para loitar contra a minicentral e contra o encoro, e para difundir os valores do río e así facilitar que máis xente se sume á súa defensa.

*P. Castro é membro da Plataforma para a defensa do río Vilacoba. O río Vilacoba, coñecido tamén por outros nomes (Traba, Soñora, Soneira), circula polo concello de Lousame, e logo de se unir ó San Xusto, déitase na ría de Noia, despois duns 17 Km de percorrido.